

BBVA SANCIONA AOS SEUS COMERCIAIS

O departamento de RRHH está a enviar a decenas de Xestores/as Comerciais, Asesores/as, Directores/as de Oficina ou Directores/as Comerciais un “**apercebemento escrito**” por malas prácticas comerciais cos cartóns “Pack Duo”: pola súa contratación inadecuada, por traspasos para a activación de cartóns e a súa posterior cancelación. Segundo eles, co único fin de obter puntos PBV e así beneficiarse do cobro da retribución variable. **Isto supón, aos compañeiros e compañeiras, unha “sanción” consistente na retrocesión da incentivación comercial aboada en xaneiro de 2016.**

Dende CCOO:

Rexeitamos firmemente a presión á que ven sometidas as persoas que traballan na rede, mentres os que idean e presionan para forzar as vendas, saen indemnes.

Para CCOO:

- Esta medida **é un miserable aforro de custos a cargo dos empregados e empregadas**, e trátase dunha actuación irregular que roza a ilegalidade
- Ao ser unha decisión unilateral e sen posibilidade de alegacións, **coloca en clara situación de indefensión ao persoal.**
- Ao non ser un Expediente Disciplinario, evitan trasladar aos Representantes dos Traballadores (RLT) comunicación algunha da mesma, **o que non impedirá a nosa posterior actuación e reclamación ante a empresa.**



Lembramos ao persoal que **a venda de cada produto ten que estar dirixida a clientes con perfil axeitado** ao mesmo. **Cumprir con esta premisa é absolutamente primordial e necesario**, o contrario, xoga no teu contra como traballador ou traballadora e como profesionais bancarios

Se recibes unha carta deste tipo, suxerimos asinar “recibido e non conforme” e a continuación **ponte en contacto cos delegados e delegadas de CCOO** en BBVA ou no correo bbvaccoo@servicios.ccoo.es no que te orientaremos e asesoraremos.

SEGUIMOS TRABALLANDO, SEGUIREMOS INFORMANDO

Maio de 2016

CCOO servicios bbva

Tel. 981 95 32 21 - 93 634 83 99 - bbvaccoo@servicios.ccoo.es
<http://www.ccoo-servicios.es/bbva/> - tablón sindical en espacio - www.ccoo-servicios.info
<https://www.facebook.com/ccoobbva> - <https://twitter.com/ccoobbva>
adherida a la **unión network international**